

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense, informa o seguinte:

1º.- Que con data 24 de febreiro de 1999 os veciños da Comunidade de Abeleira, concello de Bearíz, solicitan a transformación, da parte que lles afecta, do consorcio Visticobo OR-3082.

2º.- Que o acordo de solicitar dita transformación, foi tomado pola Asemblea Xeral de comuneiros con data 25 de xullo de 1998.

3º.- Que o 30 de novembro de 1976 o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, tomou o acordo de clasificar como veciñal en man común o monte denominado de **ABELEIRA**, pertencente ós veciños da comunidade de Abeleira, no concello de Bearíz (Ourense).

4º.- Que o consorcio Visticobo OR-3082 foi realizado polo Patrimonio Forestal do Estado, con data 24 de xuño de 1961. Ten unha superficie según plano de 69 Ha, pertencendo íntegramente ós veciños de Abeleira.

5º.- Que o convenio que se propón quedaría integrado por 69 Ha. procedentes do consorcio Visticobo OR-3082. A superficie a conveniar atópase cuberta por pino pinaster de diversas clases de idade.

CONTA DE GASTOS E INGRESOS

O cálculo de gastos e ingresos do novo convenio, realízase mediante a asignación proporcional á superficie, dos gastos e ingresos xerados no consorcio OR-3082.

Conforme ó disposto na disposición adicional segunda da Lei 13/89, do 10 de outubro da Xunta de Galicia sobre montes veciñais en man común, a débeda existente ata o ano da clasificación (1976) queda condonada.

Gastos e ingresos xerados no consorcio Visticobo OR-3082:

- Gastos realizados pola Administración forestal ata o 31 de decembro de 1976 (ano da clasificación do monte veciñal: 2.698.581 ptas.-

- Gastos realizados pola Administración forestal desde o 1 de xaneiro de 1977 ata o 31 de decembro de 1998: 10.022.419 ptas.-

- Ingresos obtidos pola Administración forestal ata o 31 de decembro de 1976 (ano da clasificación do monte veciñal): 0 ptas.-

- Ingresos obtidos pola Administración forestal desde o 1 de xaneiro de 1977 ata o 31 de decembro de 1998: 28.800 ptas.-

Saldo correspondente á comunidade de Abeleira:

Gastos por traballos realizados pola Administración en OR-3082: 10.022.419 ptas.-
Gastos descontados no convenio 321-5557: 1.343.870 ptas.-
Gastos descontados no convenio 321-55163: 5.899.802 ptas.-
Total gastos pendentes en OR-3082: 2.778.747 ptas.-

Gastos procedentes do consorcio OR-3082 imputables á comunidade de Abeleira proporcionalmente á súa superficie:

2.778.747 ptas x 69 Ha / 69 Ha 2.778.747 ptas.-
Gastos de Administración: 7,85% s/2.778.747 ptas 218.132 ptas.-
Gastos de gardería: 1580 ptas/Ha x 69 Ha 109.020 ptas.-

Total gastos procedentes de OR-3082 imputables á comunidade de Abeleira: 3.105.899 ptas.-

Ingresos procedentes da participación da Administración en OR-3082: 28.800 ptas.-
Ingresos descontados no convenio 321-5557 0 ptas.-
Ingresos descontados no convenio 321-55163 19.579 ptas.-
Total Ingresos pendentes en OR-3082: 9.221 ptas.-

Ingresos procedentes do consorcio OR-3082 imputables á comunidade de Abeleira proporcionalmente á súa superficie: 9.221 ptas x 69 Ha /69 Ha: 9.221 ptas.-

Total ingresos procedentes de OR-3082 imputables á comunidade de Abeleira: 9.221 ptas.-

Saldo co que se iniciará a conta de gastos do novo convenio 321-55164:

G-I = 3.105.899 ptas – 9.221 ptas = **3.096.678 ptas.-**

Por todo isto, **propoñemos:**

PRIMEIRO.- Que se aprobe o convenio coas seguintes características:

Nome: **DE ABELEIRA**

Nº elenco: 321-55164

Superficie: 69 Ha.

Pertenza: Comunidade veciñal de Abeleira.

Concello: Bearíz (Ourense).

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Xuro sobre o anticipo: 1%.

Participación da comunidade no voo: 70%.


Participación da consellería no voo: 30%.

Saldo inicial da conta de gastos do novo convenio: **3.096.678 pesetas a favor da Xunta de Galicia.-**

SEGUNDO.- Que no sucesivo o consorcio Visticobo OR-3082 quede extinguido coa data de aprobación, se procede, do novo convenio.

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 1999.

**O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES
E INDUSTRIAS FORESTAIS,**



Plácido Baamonde López.



**VISTO E PRACE
O DIRECTOR XERAL,**

Tomás Fernández-Couto Juanas.

**EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE.
SANTIAGO DE COMPOSTELA.-**

INFORME M.V.M.C. ABELEIRA 32155164

CONSULTA: Conveniencia ou non de atende-la petición da Comunidade do Monte Vecinal en Man Común "Abeleira" en Beariz (Ourense) para transformar de consorcio a convenio o M.V.M.C. denominado "Abeleira".

Con data 9 novembro de 1999 ten entrada na Dirección Xeral de Montes e M.A.N. expediente remitido pola Delegación Provincial de Ourense para transformar de consorcio a convenio o M.V.M.C. denominado "Abeleira" (de 69 has) procedente de parte do consorcio Visticobo-OR-3082 (de 215,5 has).

Vista a solicitude de 10 de novembro de 1998 de D. Jaime Diz Cañizo, en calidade de secretario da xunta rectora da C.M.V.M.C. do monte Abeleira – Beariz, que é quen solicitou o inicio do expediente;

Vista a aceptación das cláusulas do novo convenio pola comunidade antedita en certificación de 1 de xullo de 1999;

Vista a certificación e o informe do Xefe de servizo de Montes e Industrias Forestais de Ourense de data 20 de outubro de 1999, favorables á petición, no que se refire ó acordo da asemblea xeral de comuneros de data 25 de xullo de 1998 de solicita-la suscripción do convenio e vistos os artigos 49 e seguintes do Real Decreto 1279/1978, que aproba o Regulamento da Lei de fomento da produción forestal, así como a Lei 13/1989, do 10 de outubro de montes veciñais en man común e o Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro de montes veciñais en man común,

INFORMO favorablemente á petición, considerando concorrente a vontade das partes. Informe sometido a criterio mellor fundado; non se ponen en cuestión nin a propiedade dos terreos nin as valoracións de tipo económico.

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2000



Asdo.: Ignacio García de los Huertos Vidal
(Sección Xurídica)

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola súa Sección Xurídica e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio das seguintes características:

Nome: **DE ABELEIRA**

Nº elenco: 321-55164

Superficie: 69 ha. repoboadas

Pertenza: Comunidade veciñal de Abeleira.

Concello: Bearíz (Ourense).

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Xuro sobre o anticipo: 1%.

Participación da comunidade no voo: 70%.

Participación da consellería no voo: 30%.

Saldo inicial da conta de gastos do novo convenio: **3.096.678 pesetas a favor da Xunta de Galicia.-**

SEGUNDO.- Que no sucesivo o consorcio Visticobo OR-3082 quede extinguido coa data de aprobación, se procede, do novo convenio.

Contra esta Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de reposición con carácter potestativo perante o Conselleiro de Medio Ambiente no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, prazos que comezarán a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación, de acordo co disposto nos artigos 107, 109, 116 e 117 da Lei 4/99 de modificación da Lei 30/92, do 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/98 de 13 de xullo, da Xurisdicción Contencioso-administrativa, ou exercitar calquera outro que estime pertinente.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2000.

**O CONSELLEIRO
(POR ORDE DO 12-01-98)
O SECRETARIO XERAL,**



**O CONSELLEIRO
P.D. 12-01-98
O SECRETARIO XERAL**

Assinatura de José Luis Aboal García-Tuñón

José Luis Aboal García-Tuñón.

**ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE
NATURAL. SANTIAGO DE COMPOSTELA.-**

C O N V E N I O

N.º	321	55164
-----	-----	-------

En Santiago de Compostela, a dous de febreiro de 2000 de mil novecentos noventa e

R E U N I D O S

Dunha banda, D. CARLOS DEL ALAMO JIMENEZ , Conselleiro de Medio Ambiente, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D. JOSE RAMOS DIZ como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común DE ABELEIRA , segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

O abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, do 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279178, do 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69184, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.- O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do 24-6-1.961

para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

~~d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuara pertencendo a entidade propietaria (risque se de non existir)~~

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.- Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a LA COMUNIDAD VECINAL DE ABELEIRA.

e son os que a continuación se describen:

Denominación: DE ABELEIRA

Termo municipal: BEARIZ

Provincia: OURENSE

Situación administrativa e legal CONSORCIADO CON FECHA 24-6-1.961. CLASIFICADO COMO VECINAL EN
MAN COMUN CON FECHA 30-11-1.976

Límites:

N.: TERMINO MUNICIPAL DE FORCAREY (PONTEVEDRA)

S.: M.V.M.C. DE ALEN

L.: M.V.M.C. DE ALEN

O.: FINCAS PARTICULARES DE ABELEIRA.

Superficie: 69,0 HAS

Estado forestal: TODA LA SUPERFICIE CUBIERTA CON PINO PINASTER DE DIVERSAS EDADES
(SALVO INFRAESTRUCTURAS).

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: -----

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula:
69,0 HAS.

Sen vexetación arbórea: Servidumes: 0 HAS. LAS HABITUALES DE PASO.

3ª.- O chan continuará pertencendo a LA COMUNIDAD VECINAL DE ABELLEIRA.

que achega ó convenio:

a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.

b) Os terreos descritos na cláusula segunda.

~~c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (risco de ser non axeitado)~~

4ª.- A Consellería de Medio Ambiente aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o 50 por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante 50 por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do 1 por cento anual.

5ª.- Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acreedor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferencia entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Medio Ambiente, e os ingresos desta consideraranse anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: VISTICOB0 OR-3082, 69,0 HAS DE UN TOTAL DE
69,0 HAS.

7ª.- Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o 30 por cento será para a Consellería de Medio Ambiente, e o 70 por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos cobrados en cada aproximación de la obra por el contratista se entregará al propietario de la obra y al representante de la comunidad propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

9ª.— o presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Medio Ambiente, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

10ª.- A duração deste convenio será por um período de 30 anos.

En caso contrario, prorrogarase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Medio Ambiente do saldo pendente.

11ª.— Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Medio Ambiente, se esta o precisar.

12ª.- A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será PINO PINASTER COMO
ESPECIE PRINCIPAL.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don Miriam López Areal, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.—Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común denominado "De Abelaira", clasificado a favor dos veciños de Abelaira, no Concello de Beariz.

2.—Que, así mesmo, figura Don José Ramos Diz, e Don Jaime Diz Cañizo como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, deica desde 25 xullo 1998 ata 25 xullo 2002.

E para que conste, expido a presente certificación a 15 de setembro de 1998 en Ourense.

Don JAIME DIZ CAÑIZO, Secretario de LA JUNTA RECTORA DEL M.V.M.C. DE ABLEIRA

CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 25 DE JULIO DE 1998 estando designado Don JOSE RAMOS DIZ representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en ABELEIRA

a UNO de JULIO de mil novecientos noventa e NOVE.

O SECRETARIO,

Presidente
Visto e prace,

O Asdo.: José Ramos Diz

Asdo.: JAIME DIZ CAÑIZO

Don TOMAS FERNANDEZ-COUTO JUANAS, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.

Pola propiedade,

J. Ramos Diz

Pola Consellería de Medio Ambiente,

O CONSELLEIRO:
Asdo.: José Luis Aboal García - Tuñón